



(+34) 981 56 97 40



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



info@comisiondatransparencia.gal




www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 31/03/2021 9:34:19

SAIDA

5091/21



Reclamante: [REDACTED] en representación de [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 9/2021

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vistas as reclamacións presentadas por [REDACTED] en representación de [REDACTED] mediante escritos do 26 e 27 de novembro de 2019, 5 de novembro de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 23 de marzo de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en representación de [REDACTED] presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 19 de xaneiro de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ante Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, de acceso á documentación pública elaborada por persoal do Servizo de Enerxía e Minas no acordo de peche de actuacións previas de data 21.10.2019 e relacionado con varias denuncias presentadas por [REDACTED] que recolle situacións detectadas como consecuencia da actividade inspectora levada a cabo por persoal técnico adscrito á Xefatura Territorial de Lugo.

O reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa solicitude de acceso á información pública.

Os escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, do DNI do representante e da acreditación da súa representación.

Segundo. Con data 20 de xaneiro de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 28 de xaneiro de 2021.

Terceiro.- Con data do 26 de febreiro de 2021, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación remite copia do expediente e informe sobre a reclamación presentada.

No informe, en síntese, indica que de acordo co informe do 4 de febreiro de 2021, da xefa do Servizo de Enerxía e Minas das Xefatura Territorial de Lugo da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a solicitude de acceso á que se refire a reclamación é unha reiteración doutra da mesma Asociación presentada o 23 de decembro de 2019, que foi tramitada co número de expediente AIP-MI-LU-2020-2 e que foi resolta concedendo o acceso á información mediante resolución da Xefatura Territorial de Lugo o 6 de abril de 2020.

Esta resolución foi obxecto de reclamación ante a Comisión da Transparencia de Galicia por parte do terceiro afectado, a [REDACTED] tramitada co expediente RSCTG 72/2020 e con resolución estimatoria de data 7 de outubro de 2020 para retroacción ao momento de ditarse a resolución de acceso a información, por entender que de acordo coa lexislación vixente a Xefatura Territorial non era competente para ditar a resolución.

De acordo co informe da Xefatura Territorial de Lugo, en execución de dita resolución da Comisión de Transparencia de Galicia, ditouse unha nova resolución o 14 de xaneiro de 2021 unha vez que tras a publicación do Decreto 230/2020, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, se atribúe a competencia para resolución dos expedientes de acceso a información pública ás xefaturas territoriais.

Esta resolución notificouse a [REDACTED] terceiro afectado, accedeu ao contido do acto notificado o 21 de xaneiro de 2021, mentres que o interesado, [REDACTED]

██████████ rexeitou a dita notificación ao non ter accedido en prazo á mesma.

Polo tanto, dado que o terceiro afectado formulou oposición ao acceso á información, en aplicación do disposto no artigo 22 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, non procede a entrega de documentación solicitada ata que transcorran os prazos nel previstos sen que se impugne a resolución de acceso.

O informe da Consellería conclúe que a solicitude realizada polo reclamante o 6 de agosto de 2020, foi arquivada por parte da Xefatura Territorial de Lugo no expediente correspondente á solicitude tramitada como AIP-MI-LU-2020-2, xa que a petición de información formulada era practicamente idéntica á tramitada nese expediente, e o acceso concedido ao interesado pola resolución do 14 de xaneiro de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo ten que diferirse en aplicación do artigo 22 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, por existir oposición de terceiros. A Consellería considera que procede a inadmisión da reclamación por referirse a unha previa solicitude de acceso feita polo mesmo interesado e que está xa resolta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as

reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación non resolveu a solicitude de acceso á información dentro do prazo que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, resolvendo o 14 de xaneiro de 2021, e tendo presentada a reclamación pola Asociación interesada o 19 do mesmo mes, procede admitir a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

De acordo co informe remitido pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a resolución sobre a solicitude presentada por [REDACTED] foi obxecto de reclamación ante a Comisión da Transparencia de Galicia por parte do terceiro afectado, a [REDACTED] tramitada co expediente RSCTG 72/2020 e con resolución estimatoria esta Comisión de data 7 de outubro de 2020 para retroacción ao momento de ditarse a resolución de acceso a información, por entender que de acordo coa lexislación vixente a Xefatura Territorial non era competente para ditar a resolución.

En execución da dita resolución, ditouse unha nova resolución pola Xefatura Territorial o 14 de xaneiro de 2021 unha vez que tras a publicación do Decreto 230/2020, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, atribúeselle a competencia para resolución dos expedientes de acceso a información pública ás xefaturas territoriais, e dado que a petición formulada na solicitude tramitada como AIP-MI-LU-2020-2 (correspondente ao expediente RSCTG 72/2020), era *practicamente* idéntica á tramitada nese expediente e o acceso concedido ao interesado pola resolución do 14 de xaneiro de 2021 da Xefatura Territorial, a Consellería considera que procedería a inadmisión da reclamación por referirse a unha previa solicitude de acceso feita polo mesmo interesado e que está xa resolta.

O feito de que unha solicitude sexa *practicamente* idéntica (ou similar) a outra, non quere dicir que sexa a mesma solicitude. No expediente que se tramitou por esta Comisión baixo o número RSCTG 72/2020, o obxecto da solicitude era o seguinte:

Acceso á información sobre o expediente de actuacións previas tramitado pola Xefatura Territorial como consecuencia da denuncia presentada pola Asociación con data do 6 de setembro de 2018 por posible actividade extractiva nas proximidades da explotación mineira Trinidad n°257 e sobre as catro denuncias presentadas pola Asociación o 12 de febreiro de 2019 por diversas actividades mineiras fóra do perímetro autorizado para a referida explotación mineira.

O obxecto da solicitude que agora nos ocupa é o seguinte:

Consultar a documentación pública elaborada por persoal do Servizo de Enerxía e Minas que recolle situacións detectadas como consecuencia da actividade inspectora levada a cabo por persoal técnico adscrito á Xefatura Territorial de Lugo, documentación pública que non ten relación coas denuncias formuladas por [REDACTED] pero que están recollidas no Acordo de peche das actuacións previas derivadas das denuncias de [REDACTED]

É dicir, a asociación esta a solicitar información referente a situacións detectadas como consecuencia da súa denuncia, pero que non están relacionadas coas denuncias presentadas. Por tanto, a solicitude, aínda que a Consellería a considere *practicamente idéntica*, non o é, xa que no expediente tramitado baixo o RSCTG 72/2020, o obxecto da solicitude era o acceso ao expediente de actuacións previas, e no presente, acceso á documentación pública elaborada por persoal do Servizo de Enerxía e Minas que recolle ás situacións detectadas como consecuencia da actividade inspectora e que non ten relación coas denuncias formuladas pola asociación.

Non existe pois identidade do obxecto da solicitude, aínda que os contidos están relacionados entre si. Para que unha solicitude se poida considerar repetitiva, e aplicar a causa de inadmisión establecida no artigo 18.1.e), de acordo co Criterio interpretativo 3/2016 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno o obxecto ten que coincidir con outra ou outras presentadas anteriormente polo mesmo ou mesmos solicitantes.

No presente caso, aínda que a xeración da información solicitada ten a mesma orixe, xa que é información se xera como consecuencia dunha denuncia, o contido da información solicitada non é a mesma: no primeiro caso é o acordo de peche expediente de actuacións, e no presente a documentación pública elaborada por persoal do Servizo de Enerxía e Minas que recolle situacións detectadas como consecuencia da actividade inspectora, polo que non procedería a súa inadmisión.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión de Transparencia

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ante Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, de acceso á documentación pública elaborada por persoal do Servizo de Enerxía e Minas que recolle situacións detectadas como consecuencia da actividade inspectora levada a cabo por persoal técnico adscrito á Xefatura Territorial de Lugo.

Segundo: Instar á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)

Fecha: 2021.03.30 11:27:25 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.